

**EXPEDIENTE:** 2024/E001/000004

**ASUNTO:** PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA TÉCNICOS/AS DE APOIO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO

**TRÁMITE:** CORRECCIÓN DE ERRO ADVERTIDO NA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 259/2024 DE 30/05/2024 DE APROBACIÓN DE LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS.

Advertido erro na Resolución da Alcaldía núm. 259/2024 de data 30/05/2024, relativo á aprobación da lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a formación de bolsa de emprego para técnicos/as de apoio do Programa integrado de emprego, no relativo ao acordo primeiro.

Ao abeiro do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, que establece que as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

En uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local,

## RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Corrixir o erro advertido na Resolución da Alcaldía núm. 259/2024 de data 30/05/2024, relativo á aprobación da lista provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para formación de bolsa de emprego para técnicos/as de apoio do Programa integrado de emprego, de xeito que, no acordo primeiro:

Onde di:

**"Primeiro.-** Aprobar a lista provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para auxiliares de axuda no fogar.

APELIDOS E NOME	DNI/NIE	CELGA 4	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
Otero Pérez, Susana	***373***	Si	Admitida
Rodríguez Blanco, Olalla	***738***	Si	Admitida
Ruso Somoza, Patricia	***690***	Si	Excluída (1 e 2)

(...)

Debe dicir:

**"Primeiro.-** Aprobar a lista provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para técnicos/as de apoio do Programa integrado de emprego.

APELIDOS E NOME	DNI/NIE	CELGA 4	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
-----------------	---------	---------	--------------------------

Otero Pérez, Susana	***373***	Si	Admitida
Rodríguez Blanco, Olalla	***738***	Si	Admitida
Ruso Somoza, Patricia	***690***	Si	Excluída (1 e 2)

A redacción definitiva da citada Resolución de Alcaldía é a seguinte:

**EXPEDIENTE:** 2024/E001/000004

**ASUNTO:** PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA TÉCNICOS/AS DE APOIO DO PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO

**TRÁMITE:** RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE LISTA PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS.

Visto o expediente que se tramita para a formación dunha bolsa de emprego para técnicos/as de apoio do Programa integrado de emprego mediante o sistema de concurso-oposición, segundo as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local do 08 de maio de 2024.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o martes 14 de maio de 2024 (BOP núm. 93) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, e de conformidade coa base 2ª, referida os requisitos das persoas aspirantes, e a base 3ª, referida á presentación de instancias, en uso das facultades conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 5 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Aprobar a lista provisional das persoas aspirantes admitidas e excluídas no proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para técnicos/as de apoio do Programa integrado de emprego.

APELIDOS E NOME	DNI/NIE	CELGA 4	ADMITIDO/A EXCLUÍDO/A
Otero Pérez, Susana	***373***	Si	Admitida
Rodríguez Blanco, Olalla	***738***	Si	Admitida
Ruso Somoza, Patricia	***690***	Si	Excluída (1 e 2)

Claves de exclusión:

1- Non achega a instancia acompañada do modelo Anexo I (Base terceira. Presentación de instancias).

2- Non achega declaración responsable de non estar incurso en ningún dos supostos recollidos non puntos f) e g) da base segunda (Anexo II). (Base terceira. Presentación de instancias, punto 6)

A inclusión das persoas aspirantes na lista provisional de admitidos/as non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta administración municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados, que se deberán acreditar segundo o establecido nas Bases Reguladoras aprobadas.

**Segundo.-** A lista provisional de persoas admitidas e excluídas publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro. As persoas aspirantes excluídas, dispoñen dun prazo de 5 días naturais seguintes á publicación desta resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos (base 4ª), nos termos do art. 68 da Lei 39/2015.

**Terceiro.-** As persoas aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanen a exclusión ou non aleguen a omisión xustificando o seu dereito a ser incluídas na relación de admitidos serán definitivamente excluídas da realización das probas.

*Documento asinado dixitalmente*

*O alcalde, Francisco Xabier Castro Tourís*

*A secretaria-interventora, que da fe.*